

**LUCES PARA SANTABALLA.**  
**TRALO 115 ANIVERSARIO FUNDACIONAL DA SÚA LIGA**

**Vicente Peña Saavedra**

Pedagogo, director do MECOR e comisario da exposición *Luces de Alén Mar*

**Limiar santaballés**

Sempre é un pracer volver a Santaballa e recalar, facendo algo máis ca parada e fonda, nesta casa social, escola, museo e, decontino, sede da *Liga Santaballesa* e fogar veciñal e comunitario de hospitalaria e cálida acollida para as xentes da parroquia e para os que chegamos de fóra. Digo que sempre é grato e satisfactorio volver aquí, tanto polo que historicamente representa a *Liga Santaballesa* no concerto das Sociedades Galegas de Instrución –tamén das de recreo e logo xa de beneficencia e auxilio e protección mutua– establecidas en América e das escolas de *americanos* –ou para mellor expresalo dende onde nos atopamos– das escolas de *habaneros* que ditas asociacións implantaron e sostiveron nos seus respectivos enclaves de referencia, como ademais polo que a día de hoxe segue a significar e simbolizar non só no imaxinario común senón tamén no rebulir cultural cotiá e no asociacionismo popular ou de base este *lugar de memoria* e *obradoiro de cidadanía* que permanece vivo e activo despois de superar con folgos o seu primeiro século de vida ininterrompida. Fostes no pasado e sodes no presente un espello no cal moitos nos miramos. De aí provén, como testificaba, a satisfacción de retornar a este emblemático pazo da *Liga Santaballesa*.

Pero no meu caso concreto, se ademais veño da man da exposición *LUCES DE ALÉN MAR*, coa que tan identificado me sinto e que por terceira vez visita Santaballa –algo só superado até agora por Santiago de Compostela, onde estivo en catro ocasións–, o gozo é moito maior. E se para máis honra e fortuna comparto mesa, materia e relato con D<sup>a</sup> Juana Caridad Fernández Pérez, presidenta por partida dobre da *Agrupación de Sociedades Representativas de Municipios e Parroquias de Galicia* na Habana e de *Hijos del Ayuntamiento de A Capela* na mesma capital, a satisfacción expresada vese acompañada por unha sorte de privilexio. Por sorprendente que pareza, despois de máis dunha década de itinerancia da mostra, esta é a primeira ocasión en que coincidimos todos vostedes, a exposición e máis eu coa titular intercorporativa das entidades promotoras dos proxectos e as realizacións escolares que nela (na mostra) se reflicten. E ese encontro, non por casualidade, senón de maneira prevista e deliberada, ocorre aquí en Santaballa; por algo será. A miña gratitude, pois, para a asociación anfitrioa e os seus directivos. E, por suposto, o meu e o noso recoñecemento –creo que se me autoriza a falar en plural– para todas e cada unha das entidades integradas na *Agrupación de Sociedades* de Cuba polo inmenso labor realizado ao longo de tantos anos e por canto xenerosamente nos deron no transcurso de varias xeracións. Quixera que esta expresión de gratitude llela trasladara ao seu regreso a Cuba ás distintas agrupacións da formación intersocietaria que preside, a cal –por certo–

coido que está a piques de cumprir o 25 aniversario –as vodas de prata– do recoñecemento oficial da súa galegitude (Decreto 359/1998 de 4 de decembro).

Como non podía ser doutro xeito, e con independencia do que logo se suscite no coloquio, neste primeira quenda no uso da palabra eu detereime nos contidos da exposición que, en gran medida, correspóndense co título da sección que aquí nos convoca e nos ocupa.

### **As outras *Luces***

Conforme xa indiquei e así patentizan os paneis verboicónicos que temos ao noso arredor, a mostra que nos acompaña leva por título principal *LUCES DE ALÉN MAR*.

As *LUCES* que nela se pretenden proxectar e plasmar non son as *Luces* da *Ilustración* do século XVIII, onde e cando unha soa voz dá nome e designa a unha centuria enteira ou, se cadra, aínda a varias décadas máis nos limiares do presente. Pero un certo e inconfundible escintileo ou arrecendo gardan estas *LUCES* daquelas primeiras que abriron as portas da contemporaneidade, dos días nosos de hoxe. E esa analoxía entre unhas e outras radica na confianza na educación como catalizadora e activadora do cambio e do progreso social, crenza que arestora seguimos a compartir co mesmo pulo e optimismo de antano.

Son estas, as que agora nos atanguen e ás cales merecidamente lles rendemos culto e tributo, unha *LUCES* que encheron de faíscas de luminosidade, de claridade, de resplandor, de brillo e incluso nalgunhas ocasións de verdadeiro esplendor en materia educativa, no seu cénit, moitas parroquias de Galicia; unha delas, sen dúbida, a de Santaballa. Nunha época de xeiras cincentas, agrisadas e as máis das veces tenebrosas por incertas e desalentadoras para as xentes que nelas malvivían. Unha morea moi avultadas daquelas xentes, como é ben sabido, tiveron que marchar fóra na procura de novos horizontes e dun porvir algo máis esperanzado e prometedor para si mesmas e para cantos acó deixaban. Son estas as *LUCES* que prenderon man con man e dun xeito fraternal, guiados por un espírito mutualista e solidario de concordia e cooperación veciñal, entrambos os que foron polo mundo «pra ver de ganalo», como proclamaba Rosalía, e os que ficaban na casa. Isto é: os integrantes todos –alomenos como desexo– da parroquia que a emigración esgazara fisicamente en dúas comunidades. Xuntos man con man a prol da rexeneración, do desenvolvemento e da prosperidade da terra nativa por medio da educación en común. Ese camiño que uns e outros emprenderon e por onde transitaron é o que trata de recrear esta nosa exposición.

Como se desprende do que veño de esbozar, esas *LUCES* que evocamos e recuperamos para a memoria colectiva, acéndense e alumean coa enerxía máis valiosa, sostible, limpa e renovable, pero tamén máis delicada e escasa –ou quizabes non tanto– que podemos imaxinar: a enerxía que despregan os seres humanos cando actúan como o que son, con humanidade, humanamente, pois. Con compromiso, con altruísmo, con altura de miras, visión de futuro, determinación e magnanimidade.

### **Contexto e arelas**

*LUCES DE ALÉN MAR* é unha mostra modesta e ambulante que vén percorrendo Galicia, cun internamento en Portugal, dende o ano 2012 (máis de dous lustros leva xa en activo). Unha mostra sinxela e humilde –reitero– no seu formato, pero que narra unha historia de gran calado e heroicidade, encadrada nesa colosal epopea nosa que representou a emigración, e que conta cuns protagonistas ás veces anónimos e outras ben identificados, e sempre ou polo regular ambiciosos, audaces e de perfís fascinantes. Boa proba diso abofé nola proporcionan os *habaneros* de Santaballa e de toda a Chaira.

A exposición está coorganizada polo *Arquivo da Emigración do Consello da Cultura Galega* e a *Secretaría Xeral da Emigración da Xunta de Galicia*, organismos aos que sempre exteriorizo a miña particular gratitude por alentala e facela posible. Nela, como veño de sinalar e como acredita o seu propio título examínase e ilústrase o decorrer da obra escolar promovida e sufragada polos emigrantes galegos a América nas súas localidades de procedencia, nomeadamente a obra executada de forma colectiva.

A mostra artéllase e bota a andar coincidindo co centenario fundacional das Sociedades Galegas de Instrución de ámbito local, establecidas na outra beira do Atlántico e que, no caso cubano, aquí representa D<sup>a</sup> Juana Caridad Fernández. Unha efeméride, esta do centenario, que se vén cumprindo e en numerosas ocasións conmemorando e celebrando con distintas actividades –como aquí se fixo en 2007– dende o ano 2004, que foi cando venceu o primeiro século das asociacións precursoras, por máis que algunhas delas xa tentaran aflorar sen persistencia a finais do século anterior.

Coa exposición perségúense tres *obxectivos* ou tres *propósitos*:

1. Renderlles unha homenaxe de lembranza, enaltecemento e gratitude ás asociacións galegas da emigración como impulsoras da experiencia de educación popular máis salientable de cantas se rexistran na Galicia contemporánea cun afán de tanxible calidade, tanto pola súa extensión territorial como polas implicacións educativas e sociais que no seu día comportou e aínda hoxe se deixan sentiren alí onde predeu a modo de legado e ronsel.
2. Poñer en valor as achegas que fixeron as agrupacións da diáspora á difusión e mellora do ensino nas súas localidades de referencia e representación.
3. Fomentar a continuidade do estudo, a recuperación e a divulgación desta obra de dinamización cultural de maneira territorializada, parroquia a parroquia, concello a concello e comarca a comarca. Unha tarefa á que todos estamos convocados e teño o convencemento de que nalgunha medida, dun xeito ou doutro, tamén cada quen de nós poderemos colaborar.

### **A mostra deconstruída**

O primeiro que chama a atención da mostra son, con toda probabilidade, os seus dous paneis de apertura. Neles vese como figura principal a clásica deusa Atenea ou Minerva que leva nunha man o libro da ciencia e na outra un farol de luz co que

ilumina toda a súa contorna. Neste caso uns labradíos do Val Miñor, onde se instalou o colexio máis innovador dos implantados e sostidos polos emigrantes. Pero poderían ser perfectamente as zonas de cultivo da Terra Chá coas acaídas prolongacións cara ao interior da provincia da Coruña ou os concellos do seu litoral e da de Lugo. Á esquerda de Minerva atópase Deméter ou Ceres, deusa da agricultura, os cultivos e as colleitas, que aí aparece afanada coa sega. Mentres a carón das dúas comparece sentado un anxo mozo fronte a un globo terráqueo, cunha lousa ou un taboleiro na man e en actitude de atención e aprendizaxe. Polo que cabe entender que a luz do coñecemento e a ciencia irrádíase, espállase, por medio da ensinanza entre os máis novos e aplícase con fins prácticos aos labores do campo. No fondal apréciase un casarío e no medio del adivíñase a presenza monumental da escola como núcleo ou eixo vertebrador e incluso da parroquia e da súa veciñanza. Todo ao redor aparecen espaxados diversos utensilios empregados no ensino, pero que curiosamente e non por casualidade remiten á par ao repertorio simbólico da masonería (o compás, a escuadra, a columna xónica da sabedoría, a rama de palma...), irmandade á que pertencían non poucos emigrantes un chisco prominentes por riqueza, cultura ou prestixio social.

Aí temos estampada nese gravado, con relativa minuciosidade, unha das ideas forza dos proxectos educativos das Sociedades de Instrución. A idea de que a ensinanza ha de ter un carácter práctico, aplicable e funcional para que a formación recibida nos colexios que elas promoven lle sexa de proveito inmediato ao alumnado cando se incorpore ao mundo laboral.

No título da exposición indícase ademais a procedencia das *LUCES*: o *Alén Mar*. Territorio que tamén foi coñecido como as *Indias Occidentais* e con posterioridade como *América*, nomes que se retomarán logo noutros paneis da exposición cando se fale dos *indianos* e dos *americanos*. A partir deste pórtico, a mostra distribúese en 15 seccións ou bloques temáticos.

No primeiro deles, baixo o título *Os piares humanos do éxodo*, preséntase Galicia como comunidade emigrante. Nada do que se describe, documenta e ilustra nos paneis da exposición se entendería nin tería razón de ser sen facer referencia previa e continua á emigración do pobo galego, fenómeno que sustenta todo o demais. E a emigración elévase á categoría de éxodo durante as últimas décadas do século XIX e o primeiro terzo do século XX. Un dato abonda para acreditarlo sen rodeos: entre 1880 e 1930 saen de Galicia con destino a América por riba de un millón e medio de persoas. Máis da metade dunha poboación que aquí nunca se alcanzou. Un aluvián ou unha riada destas magnitudes, por forza, ten que deixar sentir a súa pegada e o seu impacto en todos os ámbitos da realidade e, por suposto, deles non pode illarse nin ficar inmune a área educativa.

Pero, asombrosamente, malia o trauma e a fractura física e emocional que toda emigración comporta, o éxodo tan encarnizado e devastador no caso galego, non foi capaz de tronzar nin desatar os lazos de unión (esa sorte de cordóns umbilicais imaxinarios e compartidos) dos ausentes cos seus lugares de orixe. Máis ben pola contra, en moitas ocasións contribuíu a fortalecelos e galvanizalos de

forma moi notable. Isto fixo posibles as remesas, de todo tipo, que os emigrantes transferiron ás súas localidades nativas. E un dos sectores beneficiarios desas remesas foi o do ensino.

De todos modos, xa con anterioridade á etapa da emigración torrencial á que veño de facer mención, os galegos do exterior comezaran a enviar axudas para favorecer e mellorar o desenvolvemento da educación na súa terra de orixe. Os *axentes pioneiros* desta variante de actuación temperá foron os coñecidos como *filántropos indianos*. A eles vai dedicado o segundo bloque da exposición. Dende os albores do século XVII, dispónse de noticias destes mecenas que abundaron no norte da Península e en Portugal, onde levan o honorable e maxestoso nome de *beneméritos brasileiros*; entre estes últimos despuntou pola súa munificencia o 1º Conde de Ferreira, Joaquim Ferreira dos Santos, creador el só dunhas 120 escolas e con morada de seu na Wikipedia, que vén representar algo así como a súa popular consagración a perpetuidade, ou mentres a rede aguante. Por certo que o apelativo de beneméritos emprégase así mesmo aquí en Galicia, pero unicamente de cando en vez para referirse a benfeitores moi senlleiros ou de gran sona e predicamento. Nos lenzos e catálogos da exposición –aos que todos os interesados poden acceder por vía electrónica– contabilízanse 134 *filántropos indianos*, pero seguro que houbo máis. E case me atrevería a dicir que non poucos máis, polo que nos suxiren achados recentes.

O labor fundacional destes *fomentadores do ensino* –de maior ou menor relevo segundo as súas achegas, pois o gremio é moi diverso en razón dos seus aportes– mantívose activo case até o día de hoxe: Belarmino Fernández Iglesias [Rosende-Sober, 1931 – Sao Paulo, 2017] engrosa canda algún outro o elenco final da serie e á súa fundación benéfico-docente débenselle, entre outras realizacións, a Escola de Hostalaría do Pazo de Rivas, na parroquia natal do seu promotor. Hai algúns filántropos indianos de estirpe galega moi populares e insignes que dan nome a rúas, prazas, teatros ou colexios como García Barbón (Verín e Vigo), os irmáns García Naveira (Betanzos), Policarpo Sanz (Vigo), Fernando Blanco de Lema (Cee), Gumersindo Busto (Santiago de Compostela), Pedro Murias (Vilaframil-Ribadeo) ou Claudio Conde (Allariz). Na mostra faise mención a dous de Vilalba no pasado século: o primeiro, Agustín López Arias, á vez directivo da *Liga Santaballesa*, da *Unión Villalbesa y su Comarca* (1909) da Habana e do *Comité Federativo de las Sociedades del Partido Judicial de Villalba* (1924?) da mesma capital cubana e gran valedor do Hospital Asilo da vila chairega; e o segundo, Manuel Pena Vidal, un militar que combatera na illa durante a Guerra de Cuba e cando retornou á terra de orixe, despois de prestar servizos en varios destinos, dinamizou aos seus conveciños, contando coa participación de López Arias, para edificar a casa-escola de Tardade, ademais de facerse coa alcaldía de Vilalba. Pero intúo que Daniel Vázquez Vila, como experto no tema nesta zona, con toda probabilidade estará en condicións de engadir a estes dous algúns nomes máis.

En calquera caso, tanto no conxunto de Galicia como na Terra Chá e sobre todo no seu concello central de Vilalba moito máis relevante cá obra escolar dos indianos a título individual foi a que auspiciaron e executaron colectivamente os emigrantes a través das Sociedades de Instrución. De moitas delas ademais, tarde ou cedo, acabaron formando parte como membros destacados e directivos algúns dos filántropos que cabería incluír no capítulo anterior. Para que esta obra asociativa chegase a callar, tivo que fraguar e despregarse antes un movemento de extraordinaria importancia e magnitude na historia da nosa emigración, con semellanzas noutros grupos étnicos, pero de maior calado e proporcións ca en calquera deles, polo que a esta altura imos sabendo: o da *organización comunitaria dos galegos no exterior*. Os seus comezos remóntanse xa a mediados do século XVIII. Pero é dende finais do XIX cando acada o seu máximo fulgor. Entre as entidades que agroman nesta segunda etapa, sobresaen de maneira moi notoria os grandes *Centros Galegos de América*, que nacen precisamente como *sociedades de instrución e recreo*, para atenderen nesas dúas vertentes os emigrados que chegan aló, ao seu destino transoceánico, sen a debida e indispensable preparación que lles abrise as portas dun mundo urbano e un mercado laboral en proceso de acelerada transformación e precisado de man de obra afanosa, cualificada ou non, onde sempre resultaba reconfortante e propicio, xaora, contar co apoio, o amparo e a compañía que puidese ofrecer a colectividade de raíz e ascendencia compartida, tanto no traballo coma no lecer. A institución máis próspera e reputada deste ciclo de entreséculos acabou sendo o *Centro Galego da Habana* co seu colexio *Concepción Arenal* que codirixiu nos anos 30 Andrea López Chao, a quen se homenaxeou en Mondoñedo na primeira parte destas xornadas. Logo xa co paso das décadas irían tomando corpo outras asociacións con cadanseus establecementos educativos de moi desigual alcance e sona, até desembocar no actual *Instituto Arxentino Galego Santiago Apóstol* de Bos Aires, un colexio bicultural de considerable prestixio, dependente da *Fundación Galicia-América* e do *Centro Galicia* da capital porteña, que conta cunha matrícula de máis de cincocentos estudantes. A estas corporacións vai dedicado o terceiro módulo da mostra, titulado: *Asociacionismo e instrución en destino*.

En paralelo co inicio da atención comunitaria aos emigrados en destino, dende finais do século XIX, tamén de maneira colectiva, pero a menor escala –ben parroquial ou ben comarcal–, empréndense colectas conxuntas para socorrer as necesidades que acó, na Galicia interior, se presentan e dende ultramar se divisan, respondendo frecuentemente ás peticións que a veciñanza de aquí lles traslada aos que se atopan fóra. Poñen *os ollos na Terra*, como titulamos o módulo cuarto. Os de Devesos e San Claudio (do concello de Ortigueira), os de Cerdido, os do Valadouro, e logo xa os de Neda, Ares e As Somozas son dos primeiros en facelo, e a eles seguiranlles axiña algúns outros. Esa mirada posta nos lugares de orixe, permitiralles dispoñer dunha información actualizada de canto neles acontece e das carencias e demandas que reclaman a súa actuación, entre elas –claro está– as relativas ao ensino, coas que xa se atopan familiarizados polas propias vivencias

previas. Nos paneis da mostra pode verse nun cadro moi realista e inquietante cal era o estado do ensino primario en Galicia, concello a concello, en 1908. Había en total arredor de 2.300 escolas nas catro provincias e, segundo cálculos ministeriais, faltaban outras tantas por crear para dar cumprimento a unha lexislación promulgada medio século antes (1857). No antigo Partido Xudicial de Vilalba, que comprendía os concellos de Begonte, Cospeito, Trasparga, Vilalba e Xermade había 34 escolas públicas, cando debera haber 97 (faltaban o 65%) e aínda que se lle sumasen as 28 privadas que funcionaban dentro da lei, o déficit non baixaba do 36%, elevado pero inferior ao doutras zonas. Miserenta dotación para 5.631 nenos e nenas de 6 a 12 anos que figuraban no censo escolar. Dispoñíase ademais de 20 clases para adultos, o que evidenciaba unha demanda por parte dese sector de poboación. No concello de Vilalba había un total de 10 escolas públicas e outras tantas privadas (destas últimas, 9 eran de nenas); e por lei pertencíanlle 33, faltaban pois o 70 %, contabilizando só as públicas, e computando as privadas a carencia situábase en arredor do 40 %; contábase así mesmo con 5 clases para adultos. A poboación escolarizable no concello alcanzaba daquela 1.278 rapaces de ambos sexos. Con toda certeza que canda as escolas privadas de carácter oficial había moitas outras na clandestinidade que as estatísticas institucionais, naturalmente, non contemplaban. Para maior infortunio, das 10 escolas públicas que existían no municipio de Vilalba, só 2 gozaban dunha relativa calidade, a xulgar pola súa categoría, posto que eran das catalogadas como elementais completas (unha de nenos e outra de nenas). As 8 restantes pertencían ao segmento das denominadas incompletas ou de asistencia mixta. Os nomes de por si resultan xa moi reveladores da pobreza e taras dos centros, anque non é menos certo que algúns epígrafes nominativos poden induciren a engano.

Este déficit escolar crónico e estrutural que se viña arrastrando dende medio século atrás –por non dicir dende o confín dos tempos– e que continuaría varias décadas máis, canda outras moitas penurias, de non mediar a intervención dos emigrantes, traía como consecuencia que a taxa de analfabetismo global (total ou parcial) no concello de Vilalba en 1910 ascendese ao 65% da poboación e no caso das mulleres ao 82%, dezasete puntos por riba da media da totalidade dos habitantes censados. Trinta anos despois (1940) o panorama tiña mudado sensiblemente, baixando a cerca da metade o analfabetismo do conxunto da poboación (34%); iso si, en moita menor contía no caso das mulleres, pois o 56% continuaban sen teren un dominio pleno declarado da lectura e da escritura.

Co coñecemento de primeira man desta situación e da problemática a ela inherente, cuxas implicacións nocivas se facían notar con saciedade e agravio ao saír polo mundo, os emigrantes comezan a organizarse dende o abrente do novo século XX –aínda que algúns xa o tentaran antes, como quedou dito– por parroquias, concellos e comarcas de procedencia, e aparecen así as *sociedades locais* ou *microterritoriais*, actualmente no caso cubano integradas case todas elas na *Agrupación* que preside D<sup>a</sup> Juana Caridad. A maioría, ademais, autodenominadas nas súas orixes *de instrución, de instrución e recreo, de*

*instrucción e beneficencia* ou *de instrucción e protección mutua*, entre outras marcas corporativas de adscrición, obxecto e intencionalidade que as mesmas elixían. Curioso e singular é o rótulo da *Liga Santaballea*, que enfatiza no subtítulo a súa dobre misión como entidade *educativa e instrutiva*, algo no cal non sempre se repara como realmente merece. Destas asociacións ocúpase o módulo quinto da mostra (*Xénese e floración das sociedades microterritoriais*). Máis de 500 sociedades de instrucción chegaron a constituíren os galegos de América. A maioría dos concellos do país e moitas das súas parroquias contaron con algunha destas pequenas embaixadas informais que os representaban alén mar, nomeadamente en Cuba e Arxentina (95%) como destinos predilectos da nosa emigración durante o primeiro terzo do pasado século. Nun dos mapas coropléticos da exposición, adxudícanse ao territorio da actual comarca da Terra Chá 34 entidades que, talvez, fosen algunhas máis. E delas arredor da metade correspondentes ao municipio de Vilalba. As cores dese mesmo mapa poñen de manifesto coa súa intensa e ascendente gradación cromática que nos atopamos nunha das *zonas máis densas* de Galicia por número de sociedades no exterior, canda o Ortegal, Ferrolterra e logo xa, no centro do país, a comarca de Santiago e a do Deza. Por razóns obvias de preferencia de asentamento das vagas migratorias, preto do 90% das asociacións da Chaira fixaron a súa sede central na Habana, e outro tanto –se non máis– cabe afirmar das do concello de Vilalba.

*Semente educativa para tempos novos*, ese é o título do bloque sexto. Nel evidénciase a ansia compartida das Sociedades de Instrucción por levaren a luz do ensino ás localidades de pertenza. Pero dun ensino acomodado ás «*esixencias e principios da Pedagogía moderna*», cun profesorado «*titulado*» e «*idóneo*», non como aquel que estaba á fronte das escolas de ferrado e de non poucas das privadas, con autorización oficial ou sen ela. O seu proxecto, expresado de maneira telegráfica, consistía en implantar *unha nova escola na Galicia rural* que preparase e formase adecuadamente [*educación e instrucción*, lembremos, pregoaba a *Liga*] os cidadáns do porvir, quen serían á súa vez os encargados de encarreirar e transformar o futuro da Terra. Proclámano xa na súa nomenclatura algunhas sociedades que escollen denominacións autoidentificativas tan metafóricas e saturadas de simbolismo como: *Regeneración, Fomento, Progreso, Progresista, Aurora, Nueva Aurora, Aurora del Porvenir, Unión del Porvenir, Alborada, Luz, La Antorcha, Moderna, Nueva Era, Jóvenes* ou *Juventud*, entre algunhas outras que resultaría prolixo escrutar.

O proxecto soñado non tardará en enraizar, medrar e florecer. E diso ocúpase o bloque sétimo que se titula: *As raiolas alumean a aldea*. Máis de 230 colexios con non menos de 340 aulas, espalláronse pola xeografía galega. Para acollelos levantáronse de nova planta ou remodeláronse a conciencia e adrede arredor de 200 edificios, deseñados ou reformados consonte criterios técnicos, en razón do destino que ían teren e do uso que se lles ía dar. Son as coñecidos como *Escolas de Americanos*. Aquí e na miña pequena patria do Ortegal máis ben chamadas *Escolas de Habaneros* ou *Cubanos*. Algunhas levan nomes tan



venerados como *Rosalía de Castro*, *Concepción Arenal*, *Curros Enríquez*, *Giner de los Ríos* ou *Labarta Pose*; e tamén *Cuba*, *República Argentina*, *Buenos Aires* ou *Montevideo*, en sinal de gratitude aos enclaves da súa procedencia.

En paralelismo co que acontecía coas sociedades, a Chaira é tamén territorio fértil en número de colexios, con 27, como se aprecia no mapa correspondente, situándose á cabeceira de toda Galicia, o mesmo ca en volume de aulas, con máis de 40, e uns 31 edificios. Esa relativa exuberancia escolar prolóngase no territorio ás bisbarras fronteirizas ou próximas da Mariña Occidental, Ortegal e Ferrolterra. Trátase da primeira rede de inmobles escolares erixidos con ese fin (*construídos ex profeso*) da que dispuxo a Galicia rural. Até entón, nos núcleos non urbanos, polo regular, a escola non tiña casa de seu.

Foron os autonomeados *Templos de saber* –e estamos no módulo oitavo–, como querendo insinuar ou trazar un paralelismo e mesmo unha equiparación co santuario relixioso e o espazo ritual da masonería. E salientando, por riba de todo, a dignidade, grandeza e monumentalidade da que era merecente o recinto onde se oficiaría a formación das novas xeracións. A educación izábase así á cimeira máis alta que cabería imaxinar. E en concordancia con esta sublime valoración deberíanse deliñaren, coidaren e ennobreceren as súas instalacións. O edificio escolar, por outra banda, configuraríase no sucesivo e xa para sempre –sabémolo por este que nos acolle– un *lugar de memoria*, un recordatorio fixo e perdurable para a veciñanza, e tamén para cantos a el se achegasen, do compromiso comunitario e do labor dos que se atopaban fóra en beneficio dos seus, así como da importancia *suprema* que eles mesmos lle outorgaban á educación en canto motor do progreso e catalizador da prosperidade individual e do avance social.

A renovación escolar pola que se decantaban moitas das entidades instrutivas fíxose notar así mesmo no *Enxoval/equipamento, programas e textos*, dos cales se ocupa o módulo noveno. E igualmente no *Día a día nas clases*, dentro e fóra das aulas (módulo décimo), onde encontramos modernos recursos para o ensino (as *máquinas de escribir*, as *máquinas de coser*, que por aquí se empregaban, os *aparatos de proxeccións*, as *estacións meteorolóxicas*, os *museos escolares* –que había tamén no *Plantel Concepción Arenal* da Habana–, etc.), a implantación de materias pouco comúns daquela e por acó no currículo da educación regrada (*Moral e Urbanidade, Instrución Cívica, Cálculos Mercantís, Correspondencia Comercial, Agricultura e Agrimensura, Idioma estranxeiro, Xeografía e Historia de América*, ou como aspiración programática da *Liga Santaballea: Xeografía Particular de Galicia, Gramática Galega, Correspondencia Familiar Práctica, Teneduría de Libros, Lexislación Mercantil*, etc.) e a posta en práctica de experiencias aínda moi infrecuentes entón naquel contorno como a da *prensa*, a *correspondencia* e a *imprensa escolares*, os *intercambios académicos entre colexios*, os *paseos* e as *excursións*, os ensaios nos *campos de experimentación agrícola* ou as *festas da árbore* –que por aquí se celebraban en 1920 e xa alomenos oito anos antes na capital do concello vilalbés–, as *bibliotecas populares*, as *conferencias de extensión* ou *divulgación educativa*,

as *veladas e funcións teatrais* –que tamén aquí se ofrecían– ou a organización dos primeiros *equipos de fútbol infantil* –deporte moi vencellado a esta casa social– e o ensaio piloto do *transporte escolar*, cando apenas había estradas no rural transitables en automóbil, iniciativas todas elas ás cales nos establecementos máis innovadores se sumaban por vía experimental algunhas máis que sería longo agora mencionar.

As Sociedades de Instrución non se limitaron só a abrir, dotar e soste as *Escolas de Americanos*, senón que –como se documenta no bloque once– fixeron *algo máis ca centros escolares* e as súas respectivas institucións anexas ou complementarias. Contribuíron ao mantemento da *Real Academia Galega* e ao sustento do *Seminario de Estudos Galegos*, do que neste ano se cumpre o centenario. Axudaron a levantar a *Residencia de Estudantes da Universidade de Santiago de Compostela* e a fornecer de libros e outras pezas a súa *Biblioteca-Museo América*. Atenderon a *necesidades, continxencias e adversidades diversas* nas súas parroquias ou comarcas de referencia. *Reivindicaron melloras* para elas e para Galicia enteira. *Denunciaron inxustizas e abusos*. E cooperaron ao *enxalzamento e distinción da intelectualidade galega*. Pero para min, o seu principal e maior legado, duradeiro e sen data de caducidade, foi de tipo inmaterial e consistiu en situar no *primeiro plano das prioridades sociais a educación*, axudando así a modelar unha *nova mentalidade* nas xentes do común favorable á escolarización. Esa achega, que por veces pode pasar inadvertida, ao cegármonos co máis tanxible, se velamos por ela, probablemente permaneza latente no imaxinario colectivo alén de calquera outra remesa. O tempo nolo dirá.

A resposta da cidadanía á obra escolar dos ausente non deixou de ser dispar, como revela o módulo doce: *Voces e reaccións coetáneas*. En xeral a súa actuación atopou unha acollida favorable na veciñanza e nalgúns sectores da elite culta. Non tanto na xerarquía eclesiástica e os seus acólitos, debido á orientación laica ou neutra dalgunhas escolas –non é o caso da *Liga Santaballa*, onde o liderado recaía no crego Domingo Pérez Ocampo e cuxo colexio se declaraba plenamente confesional–. Tampouco mereceu entusiasta e cálida hospitalidade, senón máis ben adoito aceiradas críticas e severas reprobacións por parte de determinados sectores do galeguismo político, que vían nas *Escolas de Americanos* factorías de novos candidatos á emigración e axencias desgaleguizadoras e desleigantes; por máis que fose nelas –como xa quedou dito– onde se tentaron ou ensaiaron as primeiras iniciativas formais de galeguización do ensino básico. E quero lembrar de paso agora que a bandeira galega que ondeaba nas solemnidades na fachada desta escola de Santaballa veu precisamente da capital do Caribe, canda a cubana e a española. Que contrasentidos tan abraiantes nos deparan tantas veces a desmemoria e a vida. Con todo, o acollemento e a valoración de propios e foráneos case sempre acabaron sendo condescendentes, de admiración e laudatorios.

Non obstante, o labor escolar colectivo das xentes da diáspora xerou con frecuencia debates, polémicas e confrontación de opinións, sobre todo no

concernente ao rol que lles incumbía ás Sociedades de Instrución en beneficio do ensino. Uns mantiñan que as asociacións debían limitarse a construír edificios para escolas públicas, por entrañar esta unha das meirandes eivas que se deixaban sentiren naquel momento no seu ámbito operativo (as escolas no rural non posuían casa de seu en boa parte de Galicia ou apenas a tiveron até a intervención dos indianos ou dos americanos, como xa antes apuntei). Outros, en cambio, consideraban que as agrupacións de América debían facerse cargo na súa integridade do sostemento dos seus propios colexios, que adquirirían entón a condición de privados. Na práctica déronse as dúas variantes de acción. Pero antes ou despois, por vías distintas e con fórmulas diversas, a maioría dos inmobles académicos custeados polos emigrantes acabaron por teren uso ou titularidade pública, o que supuxo decontado un aforro de capital moi considerable para as arcas dos concellos e da administración central, consonte se reflicte no módulo trece: *Polo ben público e do Estado*. Pénsese neste grupo escolar ou en calquera outro da contorna ou de fóra dela levantado cos cartos de América.

A día de hoxe (fase da que se ocupa o módulo catorce: *Actualidades e porvires*), moitos dos edificios das antigas *Escolas de Americanos* permanecen en pé e en activo. Algúns –os menos– aloxando aínda establecementos docentes. Pero a maioría xa dedicados a *sedes de agrupacións veciñais* e *centros socioculturais* (coma o que aquí nos acolle). E tamén dando abeiro e pousada a funcións, dependencias e destinos tan diversos como: *casas consistoriais*, *museos*, *bibliotecas*, *albergues*, *unidades de atención a drogodependencia*, *usos múltiples*, *áreas de protección civil* e até un *tanatorio*. Servizos públicos e comunitarios para a veciñanza en harmonía coas necesidades dos nosos tempos que, quizabes, as súas iniciais promotoras non rexeitarían; así nolo confirman de feito as que seguen vivas. Hainos, por outra banda, no extremo oposto, en situación de total abandono e ruína, cando non engrosan xa o funesto catálogo dos bens desaparecidos por mor da sempre temible e implacable picaraña dunha presunta modernidade e dun falaz progreso, precedida ou secundada pola non menos perniciosa couza da desidia. Certo que houbo casos extraordinarios e heroicos en que, como auténticas ave fénix, as vellas construcións desleixadas e derruídas rexurdiron dos seus entullos e das súas mesmas cinzas para aprendizaxe de todos. A esperanza, como de costume sucede, sempre é o último que se perde.

A mostra péchase con un panel que titulamos *Final sen fin: as derivas dun patrimonio comunitario*. Ponse así de manifesto que a historia non rematou senón que continúa a súa andaina. E lémbrense e escólmanse algunhas das mencións e honras oficiais que recibiron as Sociedades Galegas de Instrución no transcurso das décadas. Unha das primeiras expresións de gratitude formal conxunta ao máis alto nivel veulles da man e da palabra do deputado agrario Leandro Pita Romero nas Cortes Constituíntes da II República (1933). Naquel foro, Pita –quen ao cabo de 50 anos evocábanos con suma modestia pero con ledicia na biblioteca da casa materna de Ortigueira cal fora o propósito que guiara a súa interpelación– pedíalle ao ministro do ramo un recoñecemento institucional para as entidades da

emigración polo seu labor a prol da escola rural, solicitude á que o titular de Instrución Pública respondeu satisfactoriamente, aunque todo semella indicar que o xesto de cortesía non transcendeu máis alá da sede parlamentaria.

E unha das últimas deferencias a un tempo de honra, loanza e rogativa é consecuencia desta exposición e, por conseguinte, atópase fóra dos seus contidos, aunque non, xa que logo, da súa singradura e derivacións. Trátase da decisión unánime adoptada por tódolos grupos do Parlamento de Galicia, en maio de 2013, instando á Xunta a emprender actividades de recordo e agradecemento para as agrupacións da diáspora pola súa contribución ao avance educativo e cultural de Galicia. O propio Parlamento concedeulle en marzo de 2019 a súa medalla anual á emigración galega. E non son poucos, igualmente, os concellos, as parroquias e as asociacións que lle tributaron e lle seguen a render unha particular homenaxe á súa veciñanza no exterior. Nalgúns casos mesmo con periodicidade anual recorrente. Aquí temos o exemplo da Liga Santaballese, que o fai cada ano dende o seu centenario en 2007. Cómpre subliñar, por outra banda, nesta mesma liña argumental das memorias e os enaltecementos que Galicia é a única comunidade do mundo que dispón dun museo pedagóxico (o MUPEGA en Santiago de Compostela) cuxo espazo central dende a súa inauguración en 2004 está dedicado de maneira permanente ás *escolas chegadas de alén mar*. Por máis que, incomprensiblemente, carezamos aínda no país –non no exterior– dun museo da emigración. Contamos ademais cun sitio web no repositorio institucional do Consello da Cultura Galega denominado *As Escolas da Emigración*, que reúne información da maioría delas e dos seu promotores.

### **Derradeiro lampexo**

De todos modos, botando man dun dos referentes temáticos desta xornadas, queda camiño dabondo por percorrer. A mellor ofrenda sempre será preservar o legado patrimonial, material e inmaterial que nos deixaron e que, por fortuna, continuamos usufrutuando. Oxalá que sexa por moitos anos. Iso acreditará que o coidado da herdanza non esmoreceu nin caeu no esquecemento, o que de novo redundará en beneficio común.